

Informa-t

RECLAMACIÓN GRUPO PROFESIONAL SUPERIOR

8 de febreiro de 2018

O grupo profesional vén determinado polas funcións que o traballador realiza na empresa, independentemente do nivel de estudos que teña. No convenio colectivo aparecen estes grupos profesionais e o que nos corresponda segundo as funcións desenvolvidas determinará o noso salario.

No artigo 22.4 do Estatuto dos Traballadores di: "*por acordo entre el trabajador y el empresario se asignará al trabajador un grupo profesional y se establecerá como contenido de la prestación laboral objeto del contrato de trabajo la realización de **todas las funciones correspondientes al grupo profesional asignado o solamente de alguna de ellas***".

Cando realizamos funcións dun grupo profesional superior por un período superior a 6 meses nun ano ou 8 meses durante dous anos o ascenso debería ser un dereito a non ser que o convenio colectivo especifique algo distinto. En todo caso, o traballador **ten dereito ao salario do grupo superior desde o primeiro día en que comeza a realizar esas funcións**.

O procedemento para reclamar este ascenso vén regulado no artigo 137 da Lei Reguladora da Xurisdición Social
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-15936>

O primeiro sería facer unha reclamación por escrito solicitando o ascenso. Se a empresa se nega os representantes dos traballadores deberán facer un informe sobre dito ascenso. Se non se fai o propio xuíz pode solicitalo no caso de que haxa demanda. Aos quince días hábiles xa se podería presentar a demanda.

Xuntos podemos máis

**SINDICATO NACIONAL
ENSINO PRIVADO**

